



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MONFERO O DÍA DEZASEIS DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E CINCO (19/2025)

Na Casa do Concello de Monfero, ás dezoito horas e vinte e nove minutos do día dezaseis de maio de dous mil vinte e cinco, en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, en funcións de Alcalde por enfermidade do Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnen os Sres. Concelleiros: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez, para o efecto de celebrar a sesión extraordinaria convocada para ese día ás dezoito horas.

Actúa como secretario o que o é da Corporación, D. Baldomero Beceiro Alonso.

Os asuntos da **orde do día** son os seguintes:

- 1.- Aprobación da acta da sesión do día 14 maio de 2025
- 2.- Contratos menores
- 3.- Aprobación de certificacións de obras
- 4.- Concesión de licencia de obras
- 5.- Resolución contrato menor de prestación de servizos

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 14 DE MAIO DE 2025

O Sr. Alcalde en funcións pregúntalles aos asistentes se teñen que facer algunha alegación á devandita acta, que, como está acordado, se publicou no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello con anterioridade á convocatoria desta sesión, e non formulan ningunha. O Sr. Alcalde en funcións, ao non facerse ningunha alegación, proclama que a acta da sesión do día 14 de maio de 2025 se considera aprobada sen ningunha obxección.

2.- CONTRATOS MENORES

O Sr. Secretario-interventor dá conta da documentación deste expediente e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico que se indica a continuación, e se transcribe literalmente deseguido:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

EXPEDIENTE CONTRATO MENOR	
Núm. Expediente:	2025/C002/000012
Órgano de contratación:	Xunta de goberno local
Tipo:	Servizos
Obxecto:	PÓLIZA SEGURO RESPONSABILIDADE CIVIL E PATRIMONIAL DO CONCELLO DE MONFERO (Asegurar as consecuencias económicas derivadas da responsabilidade civil/patrimonial, xeral profesional, patronal ou por accidente de traballo...)
Código CPV:	66516000-0 seguros
Orzamento base licitación:	Máximo 4.200,00€
Prazo execución/entrega:	1 ano (01/06/2025 ás 24:00 h. do 31/05/2026)
Necesidade e xustificación do contrato: (art. 118.2 da Lei 9/2017)	O Concello ten a necesidade de contratar este servizo para a realización e cumprimento dos seus fins institucionais e non conta cos medios materiais nin humanos propios adecuados ou suficientes, nin pode satisfacerse a dita necesidade con ningún outro contrato ou negocio xurídico previo en vigor
Fins institucionais que pretenden satisfacerse (competencia municipal):	Xestión e prestación servizos (art.25.1 da Lei 7/1985)
Financiamento:	Municipal (fondos propios)

Para atender a necesidade a satisfacer sinalada, é preciso contratar o obxecto reflectido, que é o idóneo para cubrir a dita necesidade de forma clara, directa e proporcional, resultando entón que a actuación que se pretende contratar é a adecuada para o fin perseguido e tendo en conta que é necesario esta contratación para atender a necesidade a satisfacer sinalada, e que debería satisfacerse mediante outros procedementos de contratación sen recorrer ao contrato menor pero que son máis complexos e para os que non se dispón de medios persoais suficientes para poder levalos a cabo como o ten demostrado a experiencia destes últimos anos e que esta forma de proceder sen ser a correcta é a menos mala, por iso, utilizarase o contrato menor pola súa axilidade, que por si mesma xa xustifica a súa utilización, que ademais é o idóneo para cubrir a dita necesidade de forma clara, directa e proporcional, resultando entón que a actuación que se pretende contratar é a adecuada para o fin perseguido.

O obxecto do contrato non é susceptible da súa división en lotes porque os servizos comprendidos nel non teñen substantividade propia nin constitúen unha unidade funcional por

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

si mesmas de forma independente, e/ou son inseparables, de maneira que non é posible a súa execución de maneira separada ou a súa división tería como consecuencia a perda da economía e da eficiencia pola multitude de trámites engadidos que tería o expediente.

A contratación que se pretende realizar non altera o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación. O obxecto do contrato trata de satisfacer unha necesidade puntual e non prevista e é único e non supón, por tanto, fraccionamento do obxecto do contrato (art. 118.3 da Lei 9/2017). O seu valor estimado é inferior aos 15.000,00 euros.

Así pois, considérase que a utilización do contrato menor como sistema para a adxudicación, ademais de resultar procedente, é o máis axeitado pola súa simplicidade, axilidade, eficacia e economía de trámite e a reducida capacidade de xestión municipal, que dificulta a utilización doutros procedementos, inxustificadas tamén economicamente á vista da natureza e contía do contrato.

Polo exposto, propóñolle á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Iniciar o expediente de contratación referenciado ao principio.

SEGUNDO.- Informar que o contrato ao que se refire este expediente é necesario conforme se explicou anteriormente e, polo tanto, que está xustificada de maneira motivada a necesidade da contratación.

TERCEIRO.- Informar que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos límites previstos no artigo 118.3 da Lei 9/2017, cos argumentos expostos anteriormente.

CUARTO.- Que se emita informe polo Secretario-Interventor sobre os seguintes extremos:

- Lexislación aplicable
- Procedemento a seguir para o contrato menor
- Órgano competente para contratar
- Existencia de crédito orzamentario e a súa adecuación

QUINTO.- De existir crédito orzamentario suficiente e axeitado para o efecto, procédase a súa retención polos servizos de contabilidade e solicítese oferta ás empresas que se relacionan deseguido, que considero capacitadas para a execución do obxecto do contrato, para que, no prazo de 3 días hábiles, presenten a súa oferta por medios electrónicos e conforme ao modelo que se achega como anexo, facéndolles saber que os criterios de adxudicación neste contrato serán o prezo máis baixo (80%) e a ampliación dos límites asegurados (20%) serán os factores determinantes para a adxudicación, a ponderar segundo o número e características das ofertas.

RELACIÓN DE EMPRESAS AS QUE SOLICITAR OFERTA
SEGUROS MAPFRE
ÁRTABRO MIÑO,S.L.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

ALBERTO LÓPEZ CACHAZA

ABANCA MEDIACIÓN, CORREDURÍA DE SEGUROS GENERALES S.A.

O Alcalde en funcións
Alberto Cortizas Rejo"

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta, quedando adoptados os acordos que se propoñen nela

3.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓNS DE OBRAS

O Sr. Secretario-interventor dá conta das certificacións de obra, do informe da Intervención de conformidade, do resto da documentación do expediente e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que, como a dita documentación, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico que se reflicte nela, e que se transcribe literalmente deseguido:

"PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de ver as certificacións de obra presentadas pola empresa adxudicataria das obras contidas no proxecto nomeado, ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN ALTO XESTOSO (de Graña a Portomuros e de Portomuros a Muros) e o resto da documentación do expediente 2024/C003/000002, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

1. Aprobar a certificación terceira e última da obra, ACONDICIONAMENTO CAMIÑOS EN ALTO XESTOSO (de Graña a Portomuros e de Portomuros a Muros), expedida por D. Antonio López Rodríguez, Arquitecto, Director das Obras, e executada polo contratista, Construcciones Leonardo Miguélez, S.L., correspondente ás obras da anualidade 2025, por importe de 36.648,00€ máis 7.696,08€ de Ive, que fai un total 44.344,08€, e a súa documentación anexa (relación valorada, factura, acta de recepción, declaración responsable e reportaxe fotográfica).
2. Aprobar a certificación final por importe de 0,00€ e a acta de medición final.
3. Aboárllela ao contratista a certificación 3ª e remitila á Xunta de Galicia, a través da sede electrónica, para o trámite correspondente.

O Alcalde en funcións
Alberto Cortizas Rejo"

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta, quedando adoptados os acordos que se propoñen nela

4º.- CONCESIÓN DE LICENCIA DE OBRAS

O Sr. Secretario-Interventor dá conta da solicitude da persoa interesada coa documentación que lle achega, das autorizacións e/ou informes sectoriais, dos informes técnico e xurídico, da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec que se indica neste acordo máis adiante e que se transcribe literalmente deseguido e do resto da documentación que consta nel:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de ver o expediente urbanístico municipal (TEDEC) número: 2024/U022/000002, que se describe a continuación cos seguintes datos:

Expediente municipal (TEDEC) número: 2024/U022/000002

Datos do interesado/a: D. JAVIER PENA GARCIA

Número e data de entrada no Rexistro Municipal: nº 202499900000160 de rexistro de entrada de data 17/04/2024 e nova documentación con números de rexistro de entrada nº202499900000254 de data 10/06/2024, Rexistro de entrada nº 202499900000451 de data 01/10/2024 e a última con número 202599900000159 do 22/04/2025

Lugar de realización: Graña do Crego. Parroquia de Val Xestoso. Concello de Monfero. A Coruña.

Referencia catastral rústica/urbana: Parcela 15051A091003820000LX

Descrición técnica das obras: Segundo PROXECTO de EXECUCIÓN DE ESTABLO DE VACÚN DE CARNE E FOSA DE PURÍN

Autor do proxecto: CRISTINA FRAGA SANJURJO. Colexiada nº. 1.038 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de Lugo

Orzamento de execución material: 175.020,29 €.

Tendo en conta os **antecedentes urbanísticos** que son os seguintes:

Lugar de realización: Lugar de Graña do Crego, Val Xestoso. Monfero. (A Coruña).

Referencias catastral rústica: 15051A091003820000LX. Polígono 91 Parcela 382

Segundo o consultado na sede electrónica de catastro, trátase dunha parcela de 19.354m2

O interesado é o actual titular da explotación gandeira recoñecida administrativamente mediante resolución da Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, de data 13 de xuño de 2007, ubicada nunha parcela próxima á finca onde se proxecta a súa ampliación.

Considerando que:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

1.- A obra obxecto da solicitude de licencia, consiste na a construción dunha nave de reprodutoras e dunha fosa de purín. A gandería para a que se proxectan as instalacións é de carácter extensivo, sendo necesarias as instalacións unicamente para garantir o acceso aos alimentos de apoio, cando o pasto non é suficiente, daqueles animais que se atopan en condicións fisiolóxicas sensíbles,

2.- Están suxeitas a licenza municipal por atoparse entre os actos que sinala o artigo 142.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e están, polo tanto, suxeitas ao procedemento de outorgamento de licencias segundo o art. 143 da mesma Lei.

3.- No proxecto descríbense expresamente os actos que se pretenden realizar e xustifícase que os mesmos cumpren coa ordenación urbanística de aplicación. A descrición técnica que se achega das características do acto de que se trata é suficiente e axeitada.

4.- A clasificación actual da parcela sobre a que se asenta, ou se vai asentar, a construción ou instalación é a de solo rústico de protección ordinaria carecer o Concello de planeamento municipal e a que lle outorga o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Monfero aprobado inicialmente pola Corporación Municipal o 16 de marzo do 2016 é a de Solo Rústico de Protección Ordinaria.

5.- As obras a realizar pódense levar a cabo por tratarse de obras de ampliación dunha explotación que xa existía no momento da entrada en vigor da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, destinada a unha actividade vinculada coa explotación e de apoio á actividade agropecuaria, que cumpre cos parámetros esixíbles do art. 39 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, en relación co sinalado na Instrución 1/2016, do 29 de abril, sobre o réxime aplicable ás explotacións e instalacións de apoio á actividade agropecuaria existentes no momento de entrada en vigor da Lei 9/2002, no sentido de que estas ampliacións en ningún caso serán consideradas como novas explotacións e non lles resultan aplicables as esixencias contidas na alínea g) do artigo 39 da Lei 2/2016, que só serán aplicables ás novas explotacións, e que poderán acollerse ao réxime ordinario do artigo 39 da Lei 2/2016 cando se proxecte ampliar máis dun 50% (o dobre actualmente) do volume orixinario no 1 de xaneiro de 2003, tendo en conta que o disposto na alínea g) so será aplicable ás novas explotacións gandeiras, que non é o caso.

6.- As actuacións previstas son autorizables dado que á ampliación das explotacións gandeiras e de apoio á actividade agropecuaria existentes a 01.01.2003 en parcelas distinta á orixinal e non colindante coa mesma, está permitida ao abeiro da modificación da Disposición Transitoria Terceira do Regulamento da Lei do Solo de Galicia pola Lei 10/2023, de 28 de Decembro, de medidas fiscais e administrativas, coa finalidade, proclamada na súa exposición de motivos, de suprimir a esixencia de que a ampliación das citadas explotacións se realice na parcela orixinal, como tamén interpreta o Informe da Comisión Permanente da Xunta Consultiva en materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo do 28-05-2024, no expediente XCP-24/019.

Así mesmo, dado o carácter excepcional da aplicación do réxime da citada Disposición Transitoria Terceira, e tendo en conta, ademais, que a actuación para a que se solicita licencia está amparada polo artigo o 39 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia (tanto nas condicións de ocupación, separación a lindeiros, superficie mínima de parcela edificabilidade e tipoloxía e materiais), se considera que existe a necesaria vinculación entre a construción de que se trata e



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

a parcela na que se proxecta a ampliación, para a atención ao gando, anteriormente indicada no punto 1.

7.- As obras comunicadas, non están afectadas pola suspensión de licencias no sentido de que a suspensión do outorgamento das licenzas acordada non afectará ás obras de mantemento, conservación e reforma, agás nos casos de obras de rehabilitación integral que sexan equiparables ás de reconstrución total do edificio non xustificadas en razóns de urxencia ou que supoñan un aumento de volume do edificio, nin as licenzas de primeira ocupación, nin aos actos suxeitos ao trámite de comunicación previa, sempre e cando se trate de obras ou actos para a implantación de usos ou actividades autorizados polo novo planeamento, nin aos proxectos que cumpran simultaneamente coa normativa vixente e coa proposta no PXOM aprobado inicialmente e, para estes efectos, efectuar as adaptacións necesarias e entender que o réxime aplicable ao solo rústico é o previsto para este tipo de solo na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

8.- Examinada a referencia catastral, segundo o Plan Básico Autonómico, aprobado polo Decreto 83/2018, do 26 de xullo, descríbense afeccións de carácter supramunicipal dun trazado de liña enerxética pero que non afecta á zona onde se pretenden implantar as ampliacións.

As obras cuxa execución se pretende, cumpren, en todos os seus extremos, coa ordenación urbanística de aplicación, a contida na Lei 2/2016, e así mesmo cumpren coas determinacións do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Monfero aprobado inicialmente pola Corporación Municipal o 16 de marzo do 2016 e non están afectadas pola suspensión de licencias nin incluídas no Catálogo de elementos que hai que protexer ou recuperar.

9.- A solicitude de licenza, coa documentación que se lle achega, está completa segundo o establecido no art. 143 da devandita Lei 2/2016.

10.- Constan no expediente informe do técnico contratado para o efecto, de data 07/05/2025 e informe xurídico de data 15/05/2025. Do informe xurídico e informe favorable do técnico contratado para o efecto se da conta detallada neste acto.

Tendo en conta que na tramitación do expediente observáronse as prescricións legais aplicábeis, **propóñolle á Xunta de Goberno local**, en harmonía cos devanditos informes, sen prexuízo de terceiros e deixando a salvo o dereito de propiedade, conforme dispón o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, a adopción dos seguintes acordos:

1.- Conceder a licenza urbanística para as obras que se indican a continuación, que non eximen da obtención doutras que, se for o caso, procedan.

A D. JAVIER PENA GARCIA, para a realización das obras contidas no proxecto denominado: PROXECTO EXECUCIÓN DE ESTABLO DE VACÚN DE CARNE E FOSA DE PURÍN no lugar de Graña do Crego, parroquia de Val Xestoso deste termo municipal, a executar conforme ao proxecto técnico elaborado por D.ª Cristina Fraga Sanjurjo, Enxeñeiro técnico agrícola, colexiado nº 1038, cun orzamento de execución material de: 175.020,29 €.

2.- Condicionar a concesión da citada licenza urbanística ao cumprimento das condicións que se indican a continuación, ás que así mesmo se presta aprobación, e ao sometemento ao disposto pola normativa vixente de aplicación.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

CONDICIÓNS XERAIS E ESPECÍFICAS

1) As obras que se solicitan deberán cumprir os seguintes prazos: o prazo de iniciación non poderá exceder dos seis meses e o de terminación os tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

2) Unicamente se poderán executar as obras contempladas no proxecto e coas características tipolóxicas, estéticas e construtivas e cos materiais, cores e acabados acordes coa paisaxe rural e as construcións do entorno. As dimensións e características das obras non excederán das autorizadas, considerándose como infracción urbanística calquera extra limitación na que se incorra. Toda variación que se pretenda introducir precisará da conformidade previa

3) Ademais de cumprir coas condicións de edificacións indicadas no proxecto así coma no presente informe, deberá cumprir co establecido nos apartados a - b - e, do art. 39 la Lei 2/2016 que se indican a continuación:

a/Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, a subministración de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos, e, de ser o caso, a previsión de aparcadoiros suficientes, así como corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes.

b/Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así como todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.

e/Farase constar no rexistro da propiedade a vinculación da superficie esixible á construción e ao uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e á edificabilidade impostas polo título habilitante de natureza urbanística ou a autorización autonómica.

4) Deberá acreditarse o cumprimento da Disposición transitoria cuarta da Lei 2/2016 segundo o indicado:

1. As construcións e instalacións situadas en chan rústico que, estando destinadas a actividades vinculadas coa explotación e o apoio á actividade agropecuaria e forestal, así como as de primeira transformación de ambas, existían no momento da entrada en vigor da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, poderán manter a súa actividade.

2. Nestas construcións poderán permitirse, previa obtención de licenza urbanística municipal, as obras de conservación e reforma, así como as ampliacións ata o dobre do volume orixinario da edificación, e sen necesidade de cumprir os parámetros recolleitos no artigo 39 da presente lei, salvo o límite de altura, sempre que manteñan a actividade de explotación ou apoio á actividade agropecuaria ou forestal e que se adopten as medidas correctoras necesarias para garantir as condicións sanitarias, para minimizar a incidencia sobre o territorio e para a mellor protección da paisaxe.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

- 5) Na realización dos traballos estarase obrigado a reparar os estragos que como consecuencia das obras se orixinen nas vías públicas e demais espazos lindeiros, e a mantelos en condicións de seguridade, salubridade e limpeza.
- 6) A presente solicitude producirá efectos entre o Concello e quen a promove, pero non alterará as situacións xurídicas privadas entre este e as demais persoas. As obras realizaranse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.
- 7) O promotor - solicitante deberá ter a disposición dos servizos municipais a oportuna licenza rexistrada neste Concello e facilitará o acceso dos ditos servizos á obra para a súa comprobación e inspección.
- 8) Durante a execución das obras para as que se solicita licenza deberá cumprirse co Real Decreto 105/2008 do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.
- 9) Non se poderá dar comezo as obras sen satisfacer previamente a taxa municipal que corresponda e achegar ao concello o oportuno xustificante.
- 10) De acordo co punto 2 do artigo 24 da Lei 9/2013 de 19 de decembro do Emprendemento e da Competitividade Económica de Galicia: "se para o desenvolvemento da actividade é precisa a realización dunha obra, a documentación anterior presentarse coa comunicación previa prevista na normativa urbanística ou coa solicitude de licenza de obra, de proceder. Polo tanto, logo de rematar a obra, presentarse comunicación previa para o inicio da actividade coa antelación sinalada no parágrafo 1 deste artigo". Polo tanto, unha vez rematadas as obras o promotor deberá presentar o correspondente certificado final de obra e a comunicación previa da actividade.
- 11) Dado que se trata de obras adicadas ao desenvolvemento dunha actividade, Logo de rematar a obra, presentarse comunicación previa para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento sen máis requisitos que os datos de identificación da persoa titular e a referencia da comunicación previa ou a licenza urbanística que amparou a obra realizada e o certificado final de obra asinado por técnico competente.
- 12) Tódolos traballos autorizados así coma o título habilitante municipal estarán outorgados salvo dereito de propiedade, dereitos reais e sen prexuízo de terceiros.

3.- Aprobar a liquidación polo Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras que se detalla:

Liquidación provisional polo Imposto Municipal sobre Construcións, Instalacións e Obras:

BASE IMPOÑIBLE
175.020,29 €

TIPO GRAVAME
2,3%

COTA
4,025,47 €

O Alcalde en funcións
Alberto Cortizas Rejo"

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta, quedando adoptados os acordos que se propoñen nela.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

5.- RESOLUCIÓN CONTRATO MENOR DE PRESTACIÓN DE SERVICIOS

O Sr. Secretario-interventor dá conta da documentación deste expediente e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico que se indica a continuación, e se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA

ANTECEDENTES:

EXPEDIENTE CONTRATO MENOR		
Órgano:	XUNTA DE GOBERNO LOCAL	
Número expediente:	2025/C002/000003	
Tipo:	SERVICIOS	
Obxecto:	ACTIVIDADE DEPORTIVA NA NEVE 2025 (segundo memoria que consta no expediente)	
Orzamento base licitación:	11.860,00 €	
Aplicación orzamentaria:	341.22612	
Prazo execución/entrega:	3,4,5 de marzo de 2025	
Financiamento:	Fondos municipais	
ADXUDICATARIA:	DEPORTE, FORMACIÓN Y ARROPAJE 3, S.L.	
IMPORTE	Importe: 9.800,83	Total 11.859,00

CONSIDERACIÓNS:

- A Xunta de Goberno local, o 20 de febreiro de 2025, adxudicou o contrato menor para levar a cabo a Actividade deportiva sinalada.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

- O 18 de marzo de 2025, o técnico deportivo emite un informe indicando o motivo do aprazamento da actividade, que é debido ás condicións climatolóxicas adversas (non estaban abertas as pistas por falta de neve).
- Posteriormente, o Concello e a empresa adxudicataria, acordan realizar a actividade durante as vacacións de Semana Santa, pero non é posible porque debido ás previsións meteorolóxicas e a escaseza de neve, a Estación de esquí pechou as instalacións.
- Novamente, o 15/04/2025, o Técnico emite un informe indicando que empresa adxudicataria do servizo comunica ao Concello a imposibilidade de facer a actividade polas causas sinaladas.
- A empresa adxudicataria asina un escrito manifestando a súa conformidade coa resolución do contrato polos motivos expostos (14/05/2025)
- O Concello e a empresa adxudicataria propoñen suspender a actividade definitivamente.

Polo tanto, propóñolle á Xunta de goberno local a adopción dos seguintes acordos:

- 1.- Resolver o contrato ao que se refire este expediente de mutuo acordo por causas de forza maior.
- 2.- Notificar esta acordo á empresa adxudicataria para os efectos oportunos.

O Alcalde en funcións
Alberto Cortizas Rejo"

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta, quedando adoptados os acordos que se propoñen nela.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións levantou a sesión, ás dezoito horas e corenta e catro minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretario, certífico.

O Alcalde en funcións

O Secretario